

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e un de xuño de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo:

20/386 PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017). APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADJUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 9 de maio de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I.- Informe do xefe do Parque Móbil do 7 de xullo de 2016 no que indica que se procedeu á recepción de varios vehículos destinados a transporte público do anterior contrato de xestión do servizo público de transporte urbano para a súa cesión á nova concesionaria, indicando unha relación de vehículos que se deben vender.

II.- Decreto 16007868, do 20 de outubro de 2016, polo que se proceda a súa desafectación do uso público e declaración como efectos non utilizables.

III.- Informe da xefa de Sección de Transportes do 21 de novembro de 2016 no que á vista da cláusula XII do prego de condicións técnicas regulador do servizo público de transporte urbano de viaxeiros, solicita se proceda á valoración dos vehículos e se inicien os trámites para a súa venda




IV.- Informe do xefe do Parque Móbil do 29 de decembro de 2016 en relación con varios vehículos que prestaban o servizo de transporte público e que presentan un estado de total esgotamento propoñendo o seu tratamento como chatarra. Propón unha valoración económica de 3.000 euros no seu conxunto

V.- Prego de condicións elaboradas polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento en data 20 de febreiro de 2017 no que se regulan os requisitos e condicións para proceder ó alleamento dos vehículos e correspondente informe proposta do 21 de febreiro de 2017

VI.- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 27 de febreiro de 2017

VII.- Informe de Intervención núm. 138/2017, do 17 de marzo de 2017, de devolución do expediente para a subsanación de varias omisións no expediente, isto é, non constancia de acta de recepción así como da verificación de incorporación dos ditos bens no inventario municipal e necesidade de aclaración da cuantificación do prezo de saída.

VIII.- Informe do xefe do parque móbil de data 27 de marzo de 2017 xustificativo do cálculo do prezo de saída e da conveniencia de realizar unha venda conxunta da totalidade dos vehículos.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- Ordenanza municipal de medio ambiente.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Trátase dun contrato patrimonial que ten por obxecto o alleamento mediante poxa pública de vehículos municipais declarados efectos non utilizables e que polo tanto non son útiles ó servizo público de transporte público urbano.

Como tal contrato patrimonial e en aplicación do artigo 4.1.p) do TRLCSP rexeráse pola lexislación patrimonial, isto é o RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e restantes normas da lexislación patrimonial.

Ao tratarse de contratos privados, é de aplicación o establecido no artigo 20 do TRLCSP que establece que se rexerán en canto á súa preparación e adxudicación en defecto de normas específicas por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, se é o caso, as normas de dereito privado segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polo dereito privado.

A forma ordinaria de alleamento dos bens municipais é a poxa pública.

Segunda.- Visto o informe de Intervención do 17 de marzo de 2017 incorpóranse ao expediente as fichas dos vehículos que figuran no Inventario xeral de bens e dereitos. Así mesmo, emítase informe do xefe do Parque Móbil xustificativo do prezo de saída con base no prezo de chatarra e estimación das toneladas así como da conveniencia da venda nun único lote para a totalidade dos vehículos; polo que enténdense subsanadas as deficiencias e omisións sinaladas. En relación coa acta de recepción consultada esta cuestión co xefe do Parque Móbil indica que os informes son os que xa constan no expediente.

2

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual. Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación.”




A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán no procedemento de LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES e que é do seguinte teor literal:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017).

ÍNDICE

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** PREZO DE LICITACIÓN
- **CLÁUSULA CUARTA.** PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.
- **CLÁUSULA QUINTA.** GARANTÍAS.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** EXECUCIÓN DO CONTRATO. RETIRADA DOS VEHÍCULOS E PAGAMENTO. DESTRUCCIÓN OU CAMBIO DE TITULARIDADE.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXTINCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.
- **ANEXO II.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO III.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.
- **ANEXO A .** PRESENTACIÓN DE PLICAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste prego é o alleamento, mediante poxa pública, dos vehículos municipais desafectados ao servizo público de transporte regular de viaxeiros e declarados efectos non utilizables mediante Decreto número 16007868 de 20 de outubro de 2016 para o seu destino como chatarra e que se relacionan a continuación:

MATRÍCULA	Nº DE BASTIDOR	MARCA
LU-7157-P	WDB357425110766229	MERCEDES-O 405 N LINCE
LU-4578-S	WDB35746111079716	MERCEDES-O 405 N 2 VENUS
LU-6776-U	WEB61240111087695	MERCEDES-O 405 N 2
LU-5149-T	WDB9044631P634324	MERCEDES (MICROBUS) ARO SPRINTER
LU-8191-V	WMAA22086C003381	MAN-NL 263F CITTOUR

4

LU-0575-W	VS9628000W4172003	MERCEDES-O 530 CITARO
LU-4646-X	WEB62800011092863	MERCEDES-O 530 CITARO

Os vehículos relacionados anteriormente e destinados á prestación do servizo municipal público de transporte urbano reverteron ao Concello de Lugo unha vez rematado o contrato de prestación do dito servizo.

Á vista do informe do xefe do parque móbil indicando que estes vehículos foron retirados da circulación por esgotamento e que procede o seu tratamento como chatarra, procede a súa venda e o ingreso que se obteña aplicarase á mellora do servizo de transporte público conforme a cláusula XII do prego técnico do actual contrato da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no concello de Lugo.

Os vehículos están depositados nas instalacións da concesionario do servizo municipal de transporte público MONBUS URBANOS S.A (Cantón de Arriba num. 2 Polígono Louzaneta As Areeiras 27297 LUGO) e poderán ser examinados polos licitadores interesados ata o día anterior ó remate do prazo de licitación.

A participación na poxa pública implica que o licitador coñece e acepta a situación actual existente dos vehículos e renuncia a calquera reclamación polos vicios ou defectos que podan ter.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato patrimonial que ten por obxecto o alleamento mediante poxa pública de vehículos desafectados do servizo público de transporte regular de viaxeiros e declarados efectos non utilizables. Como tal contrato patrimonial e en aplicación do artigo 4.1.p) do TRLCSP rexerese pola lexislación patrimonial, esto é o RD 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais e restantes normas da lexislación patrimonial.

Asimesmo tamén teranse en conta as seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.
- Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que aproba o Regulamento de Bens das entidades locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de marzo polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

TERCEIRA . PREZO DE LICITACIÓN.

O prezo mínimo de venda da totalidade dos vehículos é de **3.000 euros** (tres mil euros) e poderán ser mellorados á alza polos licitadores.

Admítense licitacións á alza e non á baixa, polo que quedarán rexeitadas automaticamente as ofertas económicas que minoren este prezo.

Esta venda está exenta do imposto de transmisións patrimoniais nos termos do artigo 45.I.B.17 do Real Decreto Legislativo 1/1993, de 24 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e exento de do imposto sobre o valor engadido (IVE).

Os interesados na adquisición dos ditos vehículos deberán presentar oferta para a totalidade dos vehículos sen que se poda poxar para un ou varios vehículos.

CUARTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** mediante poxa pública.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 74 e seguintes do TRLCSP.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

QUINTA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP **non resulta esixible a constitución de garantía provisional.**

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha **garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación**, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recíbese o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

A garantía definitiva será devolta unha vez presentados os certificados de destrución e baixa definitiva dos vehículos na Dirección Xeral de Tráfico.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, isto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

6.1.- De conformidade co artigo 11.5 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en redacción dada polo Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto de 2015, non se esixe **solvencia económica e financeira** para a este contrato ao considerar que o seu valor estimado é inferior a 35.000 euros.

6.2.- A **solvencia técnica** xustificarse mediante a presentación da **autorización da Xunta de Galicia que lles acredite para a xestión de vehículos ao final da súa vida útil e cumpre os requisitos esixidos no real Decreto 1383/2002, de 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil.**

SÉTIMA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal) no apartado de "outros".

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

OITAVA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de Anexo A "PRESENTACIÓN DE PLICAS" que se achega ao final deste prego e que se acompañará de DOUS sobres pechados**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA-, e letra B - OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

En tódolos sobres identificarase o número de expediente (EXPTE. REF. 4-2017).

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarse ó seguinte día hábil.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

NOVENA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

O SOBRE A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Advirteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de



presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.


Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por supoñer vulneración do principio de igualdade de trato e non discriminación.

O **SOBRE B –OFERTA ECONÓMICA-** conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017).**

b) Propón **como prezo a cantidade de euros.**

(A cantidade consignarase en letra e número)

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

e) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico:** _____

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

VOCAIS:

- O xefe do Parque Móbil ou persoal do servizo que a substitúa.

- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.




- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou funcionario/a que a substitúa.

- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.

- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó terceiro día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A).



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO PRIMEIRA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

Para a valoración e selección das ofertas realizarase tendo en conta o prezo ofertado á alza. Así, valorarase coa máxima puntuación (10 puntos) a oferta de maior prezo a aboar ó Concello para a totalidade dos vehículos e que supere o mínimo establecido, obterán 0 puntos os que oferten o prezo de licitación (3.000 euros) e as restantes ofertas de xeito directamente proporcional.

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a **preferencia na adxudicación** deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.


Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Asimesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. ADXUDICACIÓN.

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

12

	CSV: AK1eyYzwjehYOQhrcURUXg==	PAXINA: 12 / 19
	SINATURAS	DATAS(UTC)
	MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO	29/06/2017 08:10:55
	MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL	29/06/2017 08:10:56
	MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO	29/06/2017 08:10:56

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó/a licitador/a seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 155 do TRLCSP.

DÉCIMO TERCEIRA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. RETIRADA DOS VEHÍCULOS E PAGAMENTO. DESTRUCCIÓN OU CAMBIO DE TITULARIDADE.

O contratista deberá responsabilizarse de dar de baixa definitivamente os vehículos na Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo no prazo máximo de quince días hábiles dende a adxudicación deste contrato, asumindo tódolos gastos que procedan.

A tal efecto entregarase ao responsable municipal (xefe do parque móbil municipal de Lugo) os xustificantes correspondentes. Así mesmo o responsable municipal encargarse de realizar o seguimento da entrega e retirada dos vehículos e recepción dos correspondentes certificados.

O prazo de retirada dos vehículos das instalacións onde están depositadas será de **8 días naturais** contados a partir da notificación da adxudicación do contrato sendo o seu cargo tódolos gastos derivados do traslado.

Dentro deste prazo de oito días naturais e en todo caso antes da retirada dos vehículos deberá aboar o prezo de adxudicación. Se o adxudicatario non aboase o prezo no prazo establecido quedará decaído de todo dereito e entenderase que renuncia ós vehículos.

Tódolos vehículos deberán ser retirados e destruídos conforme os prazos e requisitos esixidos no Real Decreto 1383/2002 de 20 de decembro sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil.

O adxudicatario achegará ó responsable municipal os correspondentes certificados de destrución que acrediten o fin da vida útil dos vehículos e xustificará a baixa definitiva en circulación do vehículo no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico ou ben os certificados ou xustificantes de cambio de titularidade.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

DÉCIMO CUARTA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta do contratista adxudicatario (o importe indícase no propio anuncio).

Serán de conta do adxudicatario os gastos que se é o caso se ocasionen pola transferencia dos bens e calquera outra clase de gastos ou impostos que graven a transmisión ou sexan consecuencia dela.

Igualmente correspondente ó adxudicatario realizar cantos trámites sexan precisos para regularizar a titularidades dos ben, ou se é o caso, a súa baixa nos rexistros correspondentes.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO QUINTA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Son causas de resolución do contrato:

- As sinaladas no artigo 223 do TRLCSP que resulten de aplicación.

- O incumprimento das obrigas establecidas neste prego.

- A falta de pagamento do prezo ofertado no prazo establecido na cláusula décimo terceira deste prego.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar no **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS**

CSV: AK1eyYzwjehYOQhrcURUXg==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 14 / 19

DATAS(UTC)

29/06/2017 08:10:55

29/06/2017 08:10:56

29/06/2017 08:10:56

DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017) declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2017.

Asdo.:

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar no **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a solicitar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....con NIF, co obxecto de participar no **PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES (EXPTE. REF. 4-2017)** declaro baixo a miña responsabilidade:

CSV: AK1eyYzwjehYOQhrcURUXg==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 16 / 19

DATAS(UTC)

29/06/2017 08:10:55

29/06/2017 08:10:56

29/06/2017 08:10:56

1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

** En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


3º.- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a solicitar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270200386

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

 Concello de Lugo	
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"	

DATOS DO LICITADOR

NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

DNI/NIF

TARXETA

PASAPORTE

NIE

NÚMERO	LETRA

Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOC. IDENTIDADE:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF. 4-2017

DENOMINACIÓN: PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE PÚBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: documentación administrativa.
SOBRE B: oferta económica

Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.”

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

